BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
MARTES, 2 DE AGOSTO DE 2022 N.º175
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLOS

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

*Anuncio*

Que por decreto n.º 291 de data 19/07/2022 deixansesen efecto as bolsas de emprego para a categorías de oficial de 1ª- condutor e peóns creadas en data 03.11.2011 e a bolsa de emprego para a categoría de oficial de 2ª - carpinteria creada en data 07.09.2018.

Pedrafita do Cebreiro, 20 de xullo de 2022.-O Alcalde, JoséLuis Raposo Magdalena.

R. 2114

---

## RIBADEO

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

**ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 31/05/2022 de modificación da ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

***"ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO***

***ARTIGO 4. Contía***

*A contía dos dereitos a percibir polo prezo público será a seguinte:*

- *Residentes válidos: 732,52 €/mes*
- *Residentes inválidos: 976,71 €/mes*
- *Praza de emerxencia/respiro TEMPORAL: 1.205,54 €/mes*

*En ningún caso a achega do usuario con cargo á súa pensión, excederá do 90 % do importe desta, tanto para válidos como para inválidos*

*Os prezos actualizaranse cada ano co IPC galego, segundo designe o Instituto Galego de Estatística (IGE)".*

A presente modificación desta Ordenanza reguladora, conforme ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65. 2 da mesma Lei.

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra este, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente

Ribadeo, 21 de xullo de 2022.- O alcalde, FernandoSuárez Barcia.

R. 2115

---

Anuncio publicado en: Num BOP 175 año 2022 (02/08/2022 08:00:00)

*Anuncio*

**Resolución de Alcaldía núm. 2022/0689 do Concello de Ribadeopola que, concluído o procedemento selectivo, noméasepersoal LABORAL FIXO-DISCONTINUO, do seguintexeito:**

| Apelidos e nome | Postotraballo |
|---|---|
| MourelleMon, Sabela | FD0006 Operario limpezapraias |
| Pérez Trashorras, María Dolores | FD0006 Operario limpezapraias |
| Vilar Vázquez, Daniel | FD0006 Operario limpezapraias |

**Características dos postos:**

| | |
|---|---|
| Servizo/Dependencia | Area Medio Ambiente/ |
| Ide. Posto / RPT | FD00006 |
| Denominación do posto | Operario |
| Natureza | Laboral fixo-discontinuo |
| Nomeamento | 19/07/2022 |
| Escala | Administración Especial/Laboral |
| Subescala | ServizosEspeciais |
| Clase/Especialidade | Operario |
| Grupo/Subgrupo | Equiparado “E” |

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do RegulamentoXeral de Ingreso do PersoalaoServizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 21 de xullo de 2022.- O alcalde, FernandoSuárez Barcia.

R. 2116

*Anuncio*

**Resolución de Alcaldía núm. 2022-0685 do Concello de Ribadeopola que, concluído o procedemento selectivo, noméasepersoal LABORAL FIXO-DISCONTINUO, do seguintexeito:**

| **Apelidos e nome** | **Posto** |
|---|---|
| López Méndez, Pablo | **Condutor motobomba incendios forestais FD0004** |
| Castro López, Carlos | **Condutor motobomba incendios forestais FD0004** |
| Vior Martínez, Miguel | **Condutor motobomba incendios forestais FD0004** |

Anuncio publicado en: Num BOP 175 año 2022 (02/08/2022 08:00:00)

**Características dos postos:**

| | |
|---|---|
| Servizo/Dependencia | Area Medio Ambiente/ |
| Ide. Posto / RPT | FD00004 |
| Denominación do posto | Condutor |
| Natureza | Laboral fixo-discontinuo |
| Nomeamento | 19/07/2022 |
| Escala | Administración Especial/Laboral |
| Subescala | Condutores |
| Clase/Especialidade | Condutores |
| Grupo/Subgrupo | Equiparado C2 |

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do RegulamentoXeral de Ingreso do PersoalaoServizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 19 de xullo de 2022.-O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 2117

## RIBEIRA DE PIQUÍN

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de xullo de 2022, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 2º TRIMESTRE DE 2022**.

O dito Padrón exponse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

**ANUNCIO DE COBRANZA.**

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de agosto de 2022 ó día 30 de setembro de 2022, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER,** en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

**CANON DA AUGA:** A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes

Anuncio publicado en: Num BOP 175 año 2022 (02/08/2022 08:00:00)

dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas

Ribeira de Piquín, 20 de xullo de 2022.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2118

## O VICEDO

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 18 xullo de 2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondenteao mes de xuño de 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonteaodisposto no artigo 102.3 da Leixeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntesobrigadosao pagamento do prezo público, que dispoñendunprazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aoobxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidadeco artigo 223.1 da Leixeral tributaria, poderáninterpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazodun mes, que comezará a contar dende o día seguinteao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderáinterpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderáninterpoñercalqueraoutro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidadecodisposto no artigos 24 e 25 do Regulamentoxeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, óscontribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estesseranllesadebedadosnascontas bancarias respectivas.

Para os demaiscontribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordoco establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súarecadaciónpola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamentoxeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súatotalidade antes da notificación aodebedor da providencia de apremio, de acordoco previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos doussupostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, aoabeiro do establecido no artigo 102 da referida Leixeral tributaria.

O Vicedo, 18 de xullo do 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2119

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/38415**

La Dirección Xeral de Patrimonio Natural de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de la Xunta de Galicia, con N.I.F. ****1100**, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Anuncio publicado en: Num BOP 175 año 2022 (02/08/2022 08:00:00)

Las obras consistirán en la la ejecución de las actuaciones contempladas en la memoria "Restauración ecolóxica do humidal da Lagoa de Cospeito" en el T.M. de Cospeito, Lugo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 28 de junio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2121

---

*Anuncio*

**A/27/38969-1**

**COMISARÍA DE AGUAS**

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

**ANUNCIO DE COMPETENCIA DE PETICIONES**

**NOMBRE DEL PETICIONARIO:** AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

**TIPO DE AUTORIZACIÓN:** Ejecución de un nuevo embarcadero, así como una pasarela de acceso al mismo, en el lugar de Os Chancís, T.M. de Sober (Lugo)

**CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS:** Río Sil

**COORDENADAS UTM ETRS 89 HUSO 29:** x = 612.450, y = 4.696.055

**TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS:** Sober (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 – Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 15 de julio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2122

---

Anuncio publicado en: Num BOP 175 año 2022 (02/08/2022 08:00:00)